

As organizacións sindicais presentes nesta 44ª Conferencia europea de solidariedade e apoio ao pobo saharauí queremos trasladarvos un saúdo e reafirmar o noso compromiso coas súas xustas reivindicacións.

Como organizacións de traballadores e traballadoras solidarias coa loita do pobo saharauí rexeitamos os intentos de enfrontar a traballadores de diferentes territorios mentres o goberno de Marrocos e empresas transnacionais benefíciense do espolio dos recursos naturais en territorio do Sahara Occidental.

Consideramos que é a través da solidariedade entre traballadores e traballadoras como debemos reforzar a loita do pobo saharauí e por esta razón reafirmamos o noso compromiso conxunto por:

- * Os seus dereitos políticos, coa autodeterminación como máxima expresión.
- * Os seus dereitos económicos, para conseguir unhas condicións dignas de traballo que eliminen as discriminacións ás que están sometidos os traballadores e traballadoras e as duras condicións de vida que deben soportar.
- * Os seus dereitos civís, fronte á represión de Marrocos, sinalando especialmente a esixencia da liberación para todos os presos políticos saharauís.

Tamén queremos trasladar o noso saúdo ás mulleres saharauís, que coa súa acción e compromiso histórico, tanto nos campamentos, nos territorios liberados, como nos territorios ocupados, manteñen viva a chama da esperanza pola liberdade do Sahara Occidental.

Por último, agradecemos á organización de EUCOCO o espazo facilitado ás organizacións sindicais para traballar a esencial cuestión dos traballadores e traballadoras saharauís e consideramos que este espazo sindical debe consolidarse permanentemente dentro de cada EUCOCO.

CGIL Italia
UXT
Sindacato Ferroviario Intersindical
Confederación Intersindical
Confederación Intersindical Valenciana
USO
CCOO
ELA
CIG
CGTP- IN, Portugal
STEILAS
LAB
NEXUS Solidarietà Internazionale
UGTSARIO